

QUINTO CONCURSO DE “FERRETES”

A Concellería de Cultura e Turismo en colaboración coa Asociación “Pepe Barreiro” de Lugo, con motivo da celebración do próximo ENTERRO DA SARDIÑA o día 25 de febreiro do 2009, *Convoca o 5º premio de ferretes do Entroido 2009* de acordo coas seguintes bases:

1º Poderá optar a este premio calquera cidadán sen límite de idade.

2º Os traballos terán que facer referencia a acontecementos de actualidade, preferentemente referidos á nosa cidade de Lugo e a Galicia.

3º Estarán redactados en galego: o estribillo terá que ser unha estrofa de catro versos heptasílabos e os ferretes recitados, como mínimo de catro e máximo de seis.

4º Quedarán anulados aqueles textos e autores dos que teña coñecemento algún membro do xurado antes da reunión para o ditame do concurso.

5º Entregaranse na Delegación de Cultura do Concello de Lugo (edificio da praza Maior) antes das 14.00 horas do día 19 de febreiro de 2009, nun sobre dirixido á Asociación Pepe Barreiro, no que figurará como remitente un pseudónimo, e no seu interior, outro sobre co nome, enderezo, e teléfono de contacto.

6º Reservarase a identidade do autor para protexer a súa liberdade de redacción.

7º O ditame do concurso correrá a cargo da Xunta Directiva da Asociación “Pepe Barreiro”. O resultado será inapelable e poderá declararse deserto se así o estima o xurado.

8º Os pseudónimos dos premiados faranse públicos, diante do Concello, antes da lectura dos ferretes, no palco montado para tal efecto.

9º A presentación aos premios desta convocatoria supón a aceptación das súas bases.

10º Os premios estarán dotados con:

Estribillo	150 €	
1º Premio	100 €	
2º Premio	50 €	Total 500 €
3º Premio	30 €	
17 Premios cada un de	10 €	

Febreiro de 2009